



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Nola:
Costa Sostible

BASES QUE REGULAN A PARTICIPACIÓN NOS CURSOS DIRIXIDOS A MULLERES DO MAR, MOZAS/MOZOS DO SECTOR PESQUEIRO E CARPINTERÍAS DE RIBEIRA PARA AUMENTAR AS COMPETENCIAS NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE TURISMO MARIÑEIRO NO ÁMBITO DO GALP COSTA SOSTIBLE

ANTECEDENTES

Os Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) de Galicia están a traballar dende hai anos, de xeito individual e coordinadamente, no desenvolvemento do turismo mariñeiro. Froito de esta colaboración xurdíu o proxecto MarGalaica, que trata de aglutinar e incorporar toda a oferta de turismo mariñeiro de Galicia.

Os GALP de Galicia, a través de Margalaica no ano 2017 están a por en marcha a Ruta dos Faros de Galicia, un proxecto de grande ruta que, recorrendo toda a costa de Galicia pretende integrar recorridos, recursos, visitas a Faros, oferta de restauración e actividades turísticas, especialmente as de contido mariñeiro, así como visitas a portos pesqueiros e Lonxas.

OBXECTIVOS

Neste contexto, dende Margalaica Turismo Mariñeiro preténdese potenciar a presenza de actividades de turismo mariñeiro na Ruta dos Faros de Galicia, ao tempo que se persigue consolidar a oferta de turismo mariñeiro existente e por en marcha iniciativas que estean a dar os primeiros pasos.

DESTINATARIOS

Os destinatarios dos cursos son:

- Mulleres profesionais do mar ou con vínculos familiares co sector do mar.
- Xoves, ata 35 anos profesionais do mar ou con vínculos familiares co sector do mar.
- Propietarios, traballadores e familiares de estaleiros, carpinterías de ribeira e embarcacións tradicionais.

CONTIDOS COMÚNS DOS CURSOS

Todos os cursos adaptaranse ás necesidades e composición do alumnado. Os contidos estarán orientados a aportar aos prestadores de actividades de turismo mariñeiro as capacidades mínimas para dirixirse ao mercado para a captación de usuarios (clientes), a creación de produtos e experiencias e a xestión da actividade de turismo mariñeiro.

PROGRAMA DOS CURSOS



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Nola:
Costa Sostible

Os cursos desenvolveranse en dúas fases:

Fase colectiva

A fase colectiva constará dunha única sesión formativa de catro horas de duración na que se impartirán a todos os inscritos as seguintes materias.

- O turismo mariñeiro, definición e lexislación aplicable.
- O servizo turístico, compoñentes e especificidades.
- A creación de produtos turísticos e experiencias turísticas.
- A animación e atención aos usuarios.
- A promoción e comercialización en proximidade da oferta de turismo mariñeiro.
- A xestión interna da actividade de turismo mariñeiro.
- Preparación das sesións de asesoramento individualizado.

Fase individualizada

A fase individualizada constará de sesións des asesoramento a cada profesional, empresa ou grupo de profesionais que desexen por en marcha ou mellorar as súas actividades de turismo mariñeiro. Este asesoramento será dimensionado en función de número de asistentes aos cursos, pero en calquera caso terá unha duración mínima de dúas xornadas de traballo, e se desenvolverá conforme ao seguinte programa:

- Diagnóstico – valoración da actividade-servicio.
- Redefinición, de se necesario dos servizos ou produtos.
- Plan/axenda comercial de proximidade.
- Plan de comunicación-promoción.
- Deseño de soportes promocionais.
- Seguimento da axenda comercial.
- Asesoramento telefónico.
- Valoración final (un mes despois).

CALENDARIO E SEDES

Fase presencial

A data de realización do curso presencial será ao longo do mes de outubro e terá unha duración de catro horas, de 16 a 20 horas. **Confirmarase a todas as persoas inscritas o lugar e local dentro do territorio GALP Costa Sostible.**

Fase persoalizada



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Nola:
Costa Sostible

As sesións persoalizadas se realizarán nas sedes dos participantes e nas localizacións das actividades de turismo mariñeiro.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes de participación remata o 30 de setembro ás 23:59 h.

As solicitudes deberán ser feitas remitindo o impreso adxunto a gac4@accioncosteira.es

En Muros, 20 de setembro de 2017.

Daniel Formoso Moledo, Presidente do GALP